

RECOMENDACIÓNS DA CONSELLERÍA DE SANIDADE EN RELACIÓN Á SITUACIÓN ACTUAL DO NOVO CORONAVIRUS EN GALICIA

TELÉFONO DE INFORMACIÓN PARA A CIDADANÍA

No caso de que teña algunha dúbida ou necesite información, a Xunta de Galicia ten habilitado o teléfono gratuito **900 400 116** para que formule as súas consultas.

SINTOMATOLOXÍA

Os síntomas máis comúns da enfermidade polo coronavirus (COVID-19) son **FEBRE, TOSE, DIFICULTADE RESPIRATORIA OU DISPNEA.**

No caso de que chegase dunha viaxe ou de que estivese en contacto con persoas que veñan dunha área de risco e presente os síntomas descritos, recoméndase que non acuda directamente ao hospital nin ao centro de saúde senón que **CONTACTE TELEFONICAMENTE CO 061.**

RECOMENDACIÓNS XENÉRICAS: Hixiene de mans e hixiene respiratoria

- Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón, ou utilizar unha solución hidroalcohólica.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca se non se teñen as mans limpas.
- Practicar unha boa hixiene respiratoria: cando tusa ou esbirre, tapar a boca e o nariz cun pano de papel, que inmediatamente hai que desbotar nunha papeleira, ou facelo contra a flexura do cóbado. Despois de tocar as secrecións respiratorias (ao esberrar, tusir ou tocar un pano de papel) e/ou obxectos contaminados, deberá lavar ben as mans.
- Se ten síntomas de infección respiratoria (FEBRE, TOSE, DIFICULTADE RESPIRATORIA OU DISPNEA) afástese doutras persoas e mantéñase a un distancia de, polo menos, a 2 metros.



- Non se recomenda o uso de máscara como medida de protección para persoas que non estean enfermas. Ao contrario, isto pode xerar unha sensación de seguridade que non é certa e a súa manipulación pode motivar máis risco por contacto con nariz, boca ou ollos.

RECOMENDACIÓNS SOBRE VIAXES

Seguindo o principio de precaución, recoméndase non viaxar ás zonas afectadas ou ás zonas de risco, a non ser que sea estritamente necesario, que neste momento son 4 rexións do norte de Italia (rexións de Lombardía, Véneto, Emilia-Romaña, Piemonte), China incluído Hong Kong e Macao, Corea do Sur, Singapur, Xapón e Irán.

Nota: estes territorios poden variar polo que sempre debe chequearse na web do Ministerio de Sanidade a última actualización ([https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov- China/areas.htm](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/areas.htm)).

Non é necesario que se repatríen nin os estudantes nin os traballadores das zonas de risco, que deben seguir as recomendacións que emitan as autoridades sanitarias da zona onde estean.

RECOMENDACIÓNS SOBRE A PARTICIPACIÓN OU REALIZACIÓN DE EVENTOS

No estado actual de difusión da enfermidade, en fase de contención, e tendo en conta o número de casos en España e o seu control, non parece necesario dar unha recomendación xeral de suspensión de eventos.

Porén, o que si convén é pedir que todas aquelas persoas que presenten sintomatoloxía (FEBRE, TOSE, DIFICULTADE RESPIRATORIA OU DISPNEA), por responsabilidade persoal e comunitaria, que non acudan a este tipo de actos.

E, en canto aos organizadores destes eventos, han de extremar as medidas de limpeza e distribuír os consellos actuais de como actuar se se presentan síntomas.

Estas recomendacións adaptaranse, en todo caso, ás que se establezan a nivel internacional ou nacional tendo en conta a evolución da enfermidade.

3 de marzo de 2020

